

ABAU 2024
HISTORIA DE ESPAÑA
Circular informativa

No inicio do novo curso, desde o grupo de traballo de Historia de España na ABAU queremos trasladar ao profesorado da materia algunhas cuestións importantes para a preparación da proba. As disposicións das autoridades educativas coñecidas nos últimos días: por unha banda, o mantemento do modelo da proba por parte do Ministerio, pola outra, a obrigación de axustar os contidos do exame ao Decreto 157/2022, de 15 de setembro, que establece o currículo de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de setembro de 2022), impoñénnos algúns cambios.

Ante o anuncio de que a proba vai ser sometida a unha reforma importante o próximo ano, tratamos de limitar esas modificacións no posible, quedando sempre a expensas de que novas directrices nos obriguen a modificar o establecido neste momento.

CONTIDOS (a relación completa recóllese no arquivo anexo):

As novidades para apuntar resúmense no seguinte:

Preguntas para desenvolver:

-O cambio máis importante é a desaparición dos bloques de contido 1 e 2 (preguntas e termos de Prehistoria, Historia Antiga e Historia Medieval).

-Mantéñense os bloques de contido correspondentes aos séculos XVI-XVIII, co engadido de dúas preguntas (*Conquista e colonización de América* e *O papel da muller na España Moderna*).

Composicións:

Século XIX:

-Mantéñense os termos e as composicións xa coñecidos.

-Introdúcese unha composición nova (*A evolución da sociedade no século XIX, con especial atención á situación da muller*).

-Século XX (agora séculos XX-XXI):

-Refúndense as antigas composicións 12 e 13 para crear unha nova composición (*A crise da Restauración*).

-Refúndense as antigas composicións 21 e 22 para crear unha nova composición (*A transición e a consolidación da democracia*).

-Engádense tres composicións novas:

10. *A situación da muller no século XX.*

11. *España en Europa e no mundo.*

12. *Evolución e cambios na España actual.*

Mantéñense os termos xa coñecidos e engádense catro novos: *Feminismo, Movementos anti-globalización, Desenvolvemento sostible e Patrimonio Histórico.*

CARACTERÍSTICAS DO EXAME

-O exame mantén a súa estrutura de catro preguntas:

-Pregunta 1 con dous apartados (definición de termos e tema) e preguntas 2, 3 e 4 (composicións históricas).

-O alumnado debe responder a dúas preguntas, que poden ser tanto a pregunta 1 e unha composición como dúas composicións históricas.

-Mantéñense tamén as valoracións das preguntas.

Con todo, os cambios nos contidos obrigan a realizar algúns axustes na distribución interna da materia:

Definicións de termos (proposta de 8 termos a elixir 4):

A repartición da proposta será: 2 termos dos séculos XVI ao XVIII, 3 termos do século XIX e 3 termos dos séculos XX-XXI.

Tema a desenvolver (4 temas a elixir 1):

A repartición dos temas será de 2 temas dos séculos XVI-XVII e 2 temas do século XVIII.

Composicións:

Pregunta 2. Composición do século XIX.

Pregunta 3. Composición dos séculos XX-XXI.

Pregunta 4. Composición de cronoloxía aleatoria (século XIX ou séculos XX-XXI).

AS RÚBRICAS DAS NOVAS PREGUNTAS E A DESAGREGACIÓN DE CONTIDOS DAS NOVAS COMPOSICIÓN TRASLADARANSE AO BLOGUE DO GRUPO DE TRABAJO CANTO ANTES.

Ademais, podedes dirixir as vosas consultas á dirección de correo electrónico **abauhistoria@gmail.com**, onde seguimos á vosa disposición.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2023

Asdo./ María del Carmen Saavedra Vázquez